



Á atención de:

Presidente da Xunta de Galicia

Consellería de Economía, Emprego e Industria

Consellería de Sanidade

Desde a Federación de Servizos de CCOO de Galicia, entendemos como «inapropiada e inadecuada» a resolución sobre liberdade de horarios de establecementos de primeira necesidade, recollida no DOG núm. 51 do 15 de marzo de 2020.

O acceso aos bens imprescindibles xa está garantido polo RD no que o Goberno declarou o estado de alarma, ademais da garantía expresada en múltiples comunicados por parte das grandes distribuidoras de alimentación, que indican que o abastecemento de todos os supermercados e hipermercados desta comunidade autónoma, ademais dos do resto do país, está garantido.

A maioría das empresas do sector tomaron a decisión de reducir o seu horario comercial, co fin de poder atender tanto a reposición de mercadoría, como a desinfección dos centros, e así preservar as garantías de saúde do persoal e dos propios clientes, polo que non cabe facer normas que alenten un efecto chamada cara aos comercios de alimentación, cando o importante é que prevaleza a mensaxe á cidadanía #QuedaNaCasa.

Por outra banda, este tipo de normas promove de maneira subrepticia, en opinión da Federación de Servizos de CCOO, a competencia desleal entre formatos comerciais no momento máis inoportuno. Non é hora de facer negocio e, sobre todo, non é o momento de poñer máis en risco a saúde das persoas traballadoras.

Por todo iso, solicitamos da Xunta de Galicia a derogación inmediata da medida adoptada respecto da Liberdade de horarios de establecementos de primeira necesidade.

«Todos os establecementos comerciais de primeira necesidade exceptuados da suspensión no Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo e neste acordo, e que, por tanto, poden continuar abertos, terán liberdade horaria para fixaren sen limitacións os horarios dos seus establecementos comerciais».

Atentamente.

A Coruña, 23 de marzo de 2020

Asdo. Lucía Trenor López

Secretaría xeral

Federación de Servizos de CCOO de Galicia